

TEMA 14 – A CONSTRUCIÓN DO ESTADO LIBERAL: PRINCIPIOS DO LIBERALISMO E DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece as características xerais do liberalismo, distinguindo as dúas correntes básicas dentro da ideoloxía liberal que darán lugar ás tres grandes familias políticas da época; relacionar eses principios ideolóxicos coas diferentes constitucións e identificar os principais líderes das diferentes familias políticas; indicar que tendencia era a preferida pola monarquía e diferenciar, a teor diso, as distintas etapas do reinado isabelino sen afondar nas mesmas.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia:

aos principios ideolóxicos do liberalismo moderado, progresista e democrático.

1. CONTEXTO XERAL

O reinado de Isabel II (1833-1868) supuxo o pulo definitivo para a construción do Estado Liberal en España, e nel pódense diferenciar tres grandes etapas:

- 1) **Rexencia de María Cristina** (1833-1840), a súa nai, xa que á morte de Fernando VII Isabel II contaba só con tres anos de idade.
- 2) **Rexencia do xeneral Espartero** (1840-1843), primeiro como presidente dun breve Ministerio-Rexencia (1840-1841) tras a renuncia de María Cristina e, despois, como rexente en solitario (1841-1843).
- 3) **Reinado efectivo de Isabel II** (1843-1868), que, tras a caída de Espartero, foi declarada maior de idade polas Cortes ao cumprir os trece anos para evitar unha nova rexencia. Nesta etapa podemos diferenciar os seguintes períodos: **Década Moderada** (1843-1854), **Bienio Progresista** (1854-1856) e **Gobernos Moderado-Unionista** (1856-1866).

Dende os seus inicios, o reinado de Isabel II revelouse como un dos períodos máis convulsos da Historia de España, pois este daba comezo co estoupido da **I Guerra Carlista**. Un dos motivos que máis contribuíu á grande inestabilidade reinante foi a fragmentación das forzas liberais en varias familias políticas (**moderados, progresistas e demócratas**), pois estas defendían distintos modelos de organización do poder. Cabe sinalar que a monarquía amosou unha notoria **predilección polo liberalismo moderado** e, ademais, durante o reinado de Isabel II o Exército tivo un papel moi importante na vida política, destacando figuras como Narváez ou Serrano.

2. CARACTERÍSTICAS OU PRINCIPIOS DO LIBERALISMO

O liberalismo representaba os intereses da burguesía que, durante o s.XIX, comezara gañar importancia debido á Revolución Industrial e ao desenvolvemento do comercio, pero á que o Antigo Réxime apenas daba dereitos e liberdades parellos ao seu poder económico.

Entre os principios máis importantes que defendeu desde o seu inicio o liberalismo, destacan:

- 1) **Monarquía Constitucional** (a Constitución limita o poder do rei), fronte á monarquía absoluta
- 2) **A división do poder** en 3 poderes independentes, para evitar abusos:
 - Executivo (para o rei e o seu goberno)
 - Lexislativo, elaboración das leis (para as Cortes ou parlamento)

¹ Textos d profesor Francisco José Orge Ventín, de <https://somoshistoriaconmiguelabaira.blogspot.com/2021/02/para-que-serven-estes-apuntes.html>, o manual de Historia de España da editorial Baía e levas modificacións e adendas miñas.

- Xudicial (para tribunais de xustiza)
- 3) A **soberanía nacional**: o poder reside nas institucións da nación (Cortes)
- 4) O **dereito ao sufraxio/voto** (masculino e censatario) para elixir aos deputados en Cortes
- 5) Máis **dereitos e liberdades**, que deben quedar recollidos nunha Constitución, como:
 - a igualdade de todos os homes ante a lei (sen privilexios estamentais)
 - o dereito á liberdade económica, sen intervención do Estado
 - o dereito á propiedade privada individual
 - o dereito a liberdade de opinión

3. DIFERENTES FAMILIAS LIBERAIS

Co discorrer do século XIX, e principalmente durante o reinado de Isabel II, irán xurdindo diferenzas e variantes deste primeiro liberalismo, o que permite que poidamos falar de 3 familias políticas diferentes de liberais:

3.1 Liberais doutrinarios ou moderados

Representan os intereses dos **grupos oligárquicos dominantes**: alta nobreza, alto clero, alta burguesía, mandos do exército etc. Son os preferidos da Coroa Gobernan sobre todo durante a primeira etapa do seu reinado: Década Moderada (1843-54) e, de forma intercalada, na Década Moderada-Unión Liberal (1856-1868).

O seu ideario quedou recollido na Constitución moderada de 1845:

- Defenden un Estado moi centralizado, con concellos sometidos ao seu control.
- Con soberanía nacional compartida entre Rei e Cortes (sobre todo para o Rei)
- Sufraxio censatario moi restrinxido (só poden votar os máis ricos)
- Dereitos e liberdades, pero limitados.
- Queren orde na rúa e máis seguridade para a súa propiedade privada (para o cal crean a Garda Civil en 1844)
- Estado confesional católico.
- Designación e control dos concellos e deputacións polo Goberno central

Destacan como líderes: Francisco Martínez de la Rosa, o xeneral Ramón Narváez ou Juan Bravo Murillo.

3.2 Liberais progresistas

Representan os intereses das **clases medias** (pequena e mediana burguesía, oficiais medios do exército) e seguen a tradición dos liberais exaltados do Trienio Liberal. Gobernan durante parte da Rexencia de María Cristina e a de Espartero e na segunda etapa do reinado, Bienio Progresista (1854-56).

Os principais principios que defende son:

- Un Estado máis descentralizado, con concellos elixidos por sufraxio
- Soberanía nacional compartida, pero con máis poder para as Cortes que para o Rei
- Sufraxio censatario (pero menos, ampliando a % de homes que poden votar)
- Dereitos e liberdades individuais máis amplas (liberdade de prensa, de reunión...)
- Para manter a orde defenden a Milicia Nacional (un corpo de cidadáns armados)
- Estado aconfesional (sen relixión oficial), limitando o poder da Igrexa

Destacan como líderes: Juan Álvarez Mendizábal, o xeneral Baldomero Espartero e o xeneral Juan Prim.

3.3 Liberais demócratas

Aspiran a representar os intereses das **clases populares**, sobre todo urbanas, e de algúns círculos

intelectuais. O partido demócrata xorde dunha escisión do partido progresista no ano 1849. Terán o seu protagonismo na última etapa do reinado de Sabela II pola súa oposición á monarquía da Borbón. No Sexenio democrático súas ideas estarán recollidas na Constitución de 1869. Do partido demócrata nacerá o republicano. O seu ideario inclúe:

- Soberanía popular (o poder reside no pobo, que é quen elixe aos representantes)
- Sufraxio universal masculino para elixir Cortes e Goberno
- Separación total de Igrexa e Estado (Estado laico), con tolerancia relixiosa
- Defensa dos dereitos individuais, do dereito de reunión e asociación
- Promoción dos poderes locais elixidos democraticamente
- Instrución primaria universal e gratuíta
- Intervención do Estado noutros ámbitos da asistencia social

Destacan como líderes demócratas Nicolás María Rivero ou Fernando Garrido e, como republicanos, Fransces Pi i Margall ou Emilio Castelar.

3.4. Unión liberal

Foi unha formación política liberal constituída nos anos 50 do século XIX como **partido de centro**. Principalmente nutríase da ala dereita do Partido Progresista e, sobre todo, da ala esquerda do Partido Moderado. Nesta formación política tamén participaban numerosos militares. O seu espadón e líder foi o xeneral Leopoldo O'Donnell.

3. PROCESO CONSTITUCIONAL: MEDIDAS MÁIS SIGNIFICATIVAS NA CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL

Como xa sinalamos, o reinado de Isabel II (1833-1868) supuxo o pulo definitivo para a construción do Estado Liberal en España, e neste proceso podemos destacar varios momentos significativos.

3.1. Estatuto Real de 1834 (Rexencia de María Cristina)

En xaneiro de 1834, a presión dos liberais obrigou a María Cristina a nomear Xefe de Goberno a Martínez de la Rosa (liberal moderado) e a realizar concesións políticas. Entre as concesións políticas realizadas pola Rexente, cabe destacar a promulgación do **Estatuto Real de 1834**. Este representaba unha solución de compromiso entre o absolutismo e o liberalismo, xa que a Rexente só se inclinara cara aos liberais por necesidades de apoio fronte ao carlismo, e non por convicción.

O Estatuto Real non era propiamente unha Constitución, senón unha carta outorgada, pois tratábase dunha concesión rexia nun acto de soberana vontade:

- No sucesivo, as Cortes serían bicamerais, compostas por un Estamento de Próceres, designados pola Coroa, e un Estamento de Procuradores, elixibles, aínda que para ser candidato era imprescindible dispoñer de certo patrimonio.
- Ambas cámaras tiñan unha función máis consultiva, propia do Antigo Réxime, que lexislativa, pois eran convocadas, suspendidas e disoltas polo monarca, e só podían deliberar sobre os asuntos propostos por el mesmo.
- A soberanía seguía estando na Coroa, os dereitos dos cidadáns non aparecían recollidos e a separación de poderes nin se mencionaba.

Ademais, a lei electoral que seguiu ao Estatuto Real establecía un sufraxio censatario tan restritivo que o número de electores se reducía a uns 16.000 individuos (0'15% da poboación total).

3.2. Constitución de 1837 (Rexencia de María Cristina)

En 1836, un pronunciamento progresista, o dos Sarxentos da Garda Real en La Granja, obrigou á rexente María Cristina a proclamar a Constitución de Cádiz e a nomear un novo goberno que convocou eleccións a Cortes Constituíntes para reformar o texto de 1812.

A composición política das novas Cortes reflectía un absoluto predominio dos progresistas, que poderían ter aproveitado a situación para elaborar unha Constitución completamente á súa medida. Porén, o resultado foi un novo texto tan distante da Constitución de Cádiz como do Estatuto Real, co fin de que puidera ser aceptado por progresistas e moderados. É dicir, o obxectivo básico era garantir a estabilidade política e a alternancia no poder entre progresistas e moderados.

Así pois, a nova **Constitución de 1837** establecía:

- Soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes, con claro predominio das Cortes.
- A Coroa exercía o poder executivo, nomeaba e separaba libremente os ministros, compartía coas Cortes o poder lexislativo, sancionaba ou vetaba as leis e convocaba, suspendía e disolvía as Cortes, aínda que neste caso tiña que convocalas de novo ao pasar tres meses.
- Cortes bicamerais formadas por Congreso e Senado, que posuían iniciativa legal e eran colexisladoras; os deputados eran elixidos por sufraxio censatario directo, mentres os senadores eran nomeados pola Coroa entre unha lista tripla por cada provincia.
- Elección popular dos Concellos.
- Restablecemento da Milicia Nacional.
- Declaración explícita de dereitos e liberdades individuais, entre os que destacaban a igualdade ante a lei e a liberdade de imprenta sen censura previa.
- Certa tolerancia relixiosa: o Estado non se declaraba explicitamente confesional, aínda que se comprometía ao mantemento do culto católico.

A nova lei electoral que seguiu a esta Constitución ampliou o corpo electoral, pero mantiña o sufraxio censatario, xa que só podían votar os que contribuíran á Facenda cun mínimo de 200 reais, o que non incluía nin o 5% da poboación.

3.3. Constitución moderada de 1845 (Década Moderada)

En maio de 1844, xa durante o seu reinado efectivo, a raíña Isabel II daba o Goberno aos moderados dirixidos polo xeneral Narváez. Foi entón cando as Cortes revisaron a Constitución de 1837 e elaboraron un novo texto constitucional inspirado nos principios do liberalismo moderado. O obxectivo era axustar o sistema político ás pretensións do Partido Moderado para garantir o seu exercicio do poder.

Así pois, a nova **Constitución de 1845** establecía:

- Soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes.
- Sistema bicameral: Senado de designación real e Congreso electivo.
- Supremacía política da Coroa, que tiña o poder executivo; compartía a soberanía e o poder lexislativo coas Cortes; nomeaba libremente o goberno, designaba os senadores e tiña o poder de suspender, disolver e convocar as Cortes case sen limitación.
- Sufraxio censatario. Participación política dos cidadáns moi limitada. poboación.
- Restrición das liberdades individuais, impoñéndose a censura previa da prensa.
- Confesionalidade católica do Estado.

A nova lei electoral restrinxía aínda máis o censo electoral, xa que se aumentou ao dobre, 400 reais, a cantidade mínima de contribución esixida para ter dereito a voto. Con isto, o corpo electoral nin tan sequera chegaba ao 1% da poboación.

Este texto constitucional de 1845 fixaba o modelo de Constitución conservadora e consolidaba o poder dos moderados, que garantían o control do país por parte da oligarquía agraria e financeira.

3.4. Constitución non nata de 1856 (Bienio Progresista)

En 1854, os moderados descontentos protagonizaron un pronunciamento militar coñecido como Vicalvarada, que estivo encabezado polo xeneral O'Donnell. O Manifesto de Manzanares redactado por Cánovas del Castillo foi o programa no que se recollían as súas aspiracións.

Ao mesmo tempo, os progresistas protagonizaron numerosos motíns e revoltas nas cidades. A raíña, atemorizada e sen apoios, nomeou a Espartero como Xefe de Goberno, e a O'Donnell como Ministro da Guerra.

Durante o breve período do Bienio Progresista, as novas Cortes elaboraron unha nova Constitución. Esta carta magna recollía principios progresistas como: soberanía nacional, ampla declaración de dereitos, tolerancia relixiosa, Senado e Congreso de carácter electivo, restablecemento da Milicia Nacional etc. Porén, a **Constitución de 1856** non chegou a ser promulgada, de aí o de “**non nata**”.

No caso galego, destacamos o intento dos progresistas de rebelárense contra os gobernos moderados de Isabel II, cun pronunciamento militar do Xeneral Solís en Lugo en 1846, apoiado en Santiago, Vigo... O intento durou vinte días, sendo fusilado cos seus oficiais en Carral (A Coruña).

Durante o s. XIX asistimos a unha lenta implantación do liberalismo, pero tamén á súa división en dúas tendencias maioritarias: moderados e progresistas. Os **moderados** serán os que contén co favor da Coroa e clases altas, gobernando case sempre. Lembremos que María Cristina, nai de Isabel II e rexente (1833-1840) vese obrigada a aliarse cos liberais polo contexto da Guerra Carlista. Ela non era partidaria de perder as prerrogativas reais das que gozara o seu marido Fernando VII. Os liberais **progresistas** serán a oposición, que logran chegar ao poder só mediante o pronunciamento. Os liberais **democráticos**, escisión dos anteriores, lograrán expulsar a Isabel II na revolución Gloriosa e implantar un réxime liberal democrático que durará seis anos, que acabará proclamando unha república.

OS PARTIDOS POLÍTICOS DURANTE O REINADO DE ISABEL II (1833-1868)²

	PARTIDO MODERADO (Fundado en 1834)	PARTIDO PROGRESISTA (Fundado en 1835)	UNIÓN LIBERAL (Fundado en 1858)	PARTIDOS DEMÓCRATAS	
				PARTIDO DEMÓCRATA (Fundado en 1849)	REPUBLICANOS³ (Fundado en 1868)
Base social	Clases altas	Clases medias	Clases altas e medias	Clases medias e baixas	Clases medias e baixas
Ideoloxía	Conservadora	Progresista	Conservadora-progresista	Revolucionaria	Revolucionaria
Líderes destacados	Martínez de la Rosa, o Xeneral Narváez, Isturiz, Bravo Murillo	Mendizábal, o Xeneral Espartero, o Xeneral Prim, Calatrava	O Xeneral O'Donnell	Nicolás María Rivero, Fernando Garrido, Manuel Ruiz Zorrilla	Emilio Castelar (unitario), Francisco Pi i Margall (federal)
Soberanía	Compartida entre Cortes e Coroa	Nacional		Popular	Popular
Sufraxio	Moi censatario	Censatario		Universal masculino	Universal masculino
Dereitos individuais	Restrxinidos	Amplos		Amplos	Amplos
Forma de goberno	Monarquía moderada	Monarquía parlamentaria		Monarquía parlamentaria	República (unitaria ou federal)
Poderes da xefatura de Estado	Moi amplos (división de poderes relativa)	Só executivo (división total de poderes)		Representación e relación entre poderes	Representación e relación entre poderes
Cortes	Bicamerais (Congreso dos Deputados electivo e Senado de designación real)	Unicamerais (Congreso de los Deputados electivo)		Unicamerais (Congreso de los Deputados electivo)	Unicamerais (Congreso de los Deputados electivo)
Relacións Igrexa-Estado	Confesionalidade católica do Estado	Estado aconfesional		Estado aconfesional	Estado laico
Orde pública	Garda Civil	Milicia Nacional		Milicia Nacional	Milicia Nacional
Política económica	Proteccionismo	Librecambismo		Librecambismo	Librecambismo
Períodos de goberno⁴	1833-1835 1843-1854 1856-1868	1835-1843 1854-1856	1856-1868		

² Cadro ampliado e traducido de Carlos Javier Garrido García (<http://abenaxara.com/tag/cuadro-comparativo>). Se podes bótalle un ollo ao artigo do enlace.

³ Os Republicanos son unha escisión do Partido Demócrata. O propio Pi i Margall comeza a súa actividade política no Partido Demócrata.

⁴ As datas son xenéricas xa que ao longo do reinado de Isabel II houbo moita inestabilidade e alternancia nos gobernos.